



**Proceso selectivo para o ingreso, pola
modalidade específica do persoal laboral fixo, no
corpo superior da Administración xeral e no
corpo facultativo de grao superior de
Administración especial da Comunidade
autónoma de Galicia, subgrupo A1.**

Proba tipo test

MODELO A

NON abra o exame ata que o tribunal llo indique

1. De conformidade co disposto no artigo 1 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, é obxecto desta (sinale a resposta incorrecta):

- a) Regular os requisitos de validez e eficacia dos actos administrativos.
- b) Regular o procedemento administrativo común a todas as administracións públicas, incluído o sancionador e o de reclamación de responsabilidade das administracións públicas.
- c) As bases do réxime xurídico das administracións públicas.
- d) Os principios aos que se axuste a potestade regulamentaria

2. De acordo coa regulación prevista no artigo 6 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (sinale a resposta correcta):

- a) Os poderes inscritos no rexistro terán unha validez determinada máxima de catro anos computables desde a data de inscrición.
- b) O apoderamento *apud acta* outorgarase unicamente mediante comparecencia electrónica na correspondente sede electrónica a través dos sistemas de sinatura electrónica previstos nesta lei.
- c) Cada comunidade autónoma aprobará os modelos de poderes inscribibles no rexistro cando se circunscriba a actuacións ante a súa respectiva Administración.
- d) A solicitude de inscrición do poder debe dirixirse ao rexistro da Administración ante a que teña efectos o poder.

3. O artigo 9 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas indica que os interesados poderán identificarse electronicamente ante as administracións públicas a través de calquera sistema que conte cun rexistro previo como usuario que permita garantir a súa identidade. En particular, serán (sinale a resposta correcta):

- a) Sistemas baseados en certificados electrónicos cualificados de selo electrónico expedidos por prestadores incluídos na “Lista de confianza de prestadores de servizos de certificación”.
- b) Sistemas baseados en certificados electrónicos recoñecidos de sinatura electrónica expedidos por prestadores non incluídos na “Lista de confianza de prestadores de servizos de certificación”.
- c) Sistemas baseados en certificados electrónicos cualificados de sinatura electrónica expedidos por prestadores incluídos na “Lista de confianza de prestadores de servizos de certificación”.
- d) Sistemas baseados en certificados electrónicos recoñecidos e cualificados de cuño electrónico expedidos por prestadores incluídos na “Lista de confianza de prestadores de servizos de certificación”.

4. O artigo 15 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas establece que, se concorreren varios interesados no procedemento e existise discrepancia en canto á lingua:

- a) O procedemento tramitarase en castelán, aínda que os documentos ou testemuños que requiran os interesados se expedirán na lingua elixida por eles.
- b) O procedemento tramitarase na lingua elixida por eles, aínda que os documentos ou testemuños que requiran os interesados se expedirán en castelán.
- c) A Administración Pública instrutora poderá traducir ao castelán os documentos, expedientes ou partes dos mesmos que deban surtir efecto fóra do territorio da Comunidade Autónoma.
- d) Tanto o procedemento coma os documentos ou testemuños que requiran os interesados expediranse na lingua elixida por eles.

5. De conformidade co disposto no artigo 21 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, a Administración está obrigada a ditar resolución expresa e a notificala:

- a) En todos os procedementos iniciados a instancia de parte.
- b) En todos os procedementos iniciados de oficio.
- c) En todos os procedementos, salvo os casos de prescrición e renuncia do dereito.
- d) En todos os procedementos, calquera que sexa a súa forma de iniciación.

6. O artigo 25 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas prevé que, nos procedementos iniciados de oficio, o vencemento do prazo máximo establecido sen que se ditase e notificase resolución expresa non exime a Administración do cumprimento da obrigaón legal de resolver, e:

- a) No caso de procedementos dos que puidese derivarse o recoñecemento ou, se é o caso, a constitución de dereitos ou outras situacións xurídicas favorables, producirase a caducidade.
- b) Nos procedementos en que a Administración exercite potestades sancionadoras, poderanse entender desestimadas as pretensións por silencio administrativo.
- c) No caso de procedementos dos que puidera derivarse o recoñecemento ou, no seu caso, a constitución de dereitos ou outras situacións xurídicas favorables, os interesados que comparecesen poderán entender desestimadas as súas pretensións por silencio administrativo.
- d) Nos supostos nos que o procedemento se paralizase por causa imputable ao interesado, non se interrompe o cómputo do prazo para resolver e notificar a resolución.

7. Consonte o disposto no artigo 33 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas,

respecto da tramitación de urxencia, cal das seguintes afirmacións é correcta?

- a) Cando razóns de interese público o aconsellen, o órgano competente acordará de oficio a aplicación do procedemento da tramitación de urxencia, polo cal se reducirán á metade os prazos establecidos para o procedemento ordinario, salvo os relativos á presentación de solicitudes e recursos.
- b) Non se poderá acordar a aplicación da tramitación de urxencia aos procedementos iniciados a solicitude do interesado.
- c) Cando razóns de interese público o aconsellen, poderase acordar, de oficio ou a petición do interesado, a aplicación ao procedemento da tramitación de urxencia pola cal se reducirán á metade todos os prazos establecidos para o procedemento ordinario.
- d) Cando razóns de interese público o aconsellen, poderase acordar, de oficio ou a petición do interesado, a aplicación ao procedemento da tramitación de urxencia, pola cal se reducirán á metade os prazos establecidos para o procedemento ordinario, salvo os relativos á presentación de solicitudes e recursos.

8. De conformidade co disposto no artigo 53 da Lei 39/2015, os interesados nun procedemento administrativo teñen os seguintes dereitos (sinale a resposta incorrecta):

- a) A identificar as autoridades e o persoal ao servizo das administracións públicas baixo cuxa responsabilidade se tramiten os procedementos.
- b) A non presentar documentos orixinais salvo que, de maneira excepcional, a normativa reguladora aplicable estableza o contrario.
- c) A formular alegacións, a utilizar os medios de defensa admitidos polo ordenamento xurídico e a achegar documentos en calquera fase do procedemento, que deberán ser tidos en conta polo órgano competente ao redactar a proposta de resolución.

- d) A actuar asistidos de asesor cando o consideren conveniente en defensa dos seus intereses.

9. O artigo 71 da Lei 39/2015 dispón, en relación co impulso, que:

- a) O procedemento, sometido ao principio de celeridade, impulsarase de oficio en todos os seus trámites e a través de medios electrónicos, e respectaranse os principios de transparencia e publicidade.
- b) No despacho dos expedientes sempre e en todo caso, se respectará a orde de incoación en asuntos de homoxénea natureza.
- c) O procedemento, sometido ao principio de transparencia, impulsarase de oficio en todos os seus trámites e a través de medios electrónicos, e respectaranse os principios de concorrencia e publicidade.
- d) O procedemento, sometido ao principio de eficacia, impulsarase a instancia de parte en todos os seus trámites e a través de medios electrónicos, e respectaranse os principios de transparencia e celeridade.

10. De conformidade co artigo 80 da Lei 39/2015, salvo disposición expresa en contrario, os informes serán:

- a) Preceptivos e vinculantes.
- b) Facultativos e vinculantes.
- c) Facultativos e non vinculantes.
- d) Preceptivos e non vinculantes.

11. O artigo 84 da Lei 39/2015 determina que a imposibilidade material de continuar o procedemento por causas sobrevindas:

- a) Producirá a terminación do procedemento. A resolución que se dite non necesitará ser motivada.
- b) Non producirá a terminación do procedemento, pero ditarase resolución que deberá ser motivada en todo caso.

- c) Produce a terminación do procedemento, sen que sexa preciso ditar resolución.
- d) Producirá a terminación do procedemento. A resolución que se dite deberá ser motivada en todo caso.

12. De conformidade co artigo 95 da Lei 39/2015, nos procedementos iniciados a solicitude do interesado, cando se produza a súa paralización por causa imputable a el, a Administración advertirao de que se producirá a caducidade do procedemento unha vez transcorridos:

- a) Dous meses.
- b) Tres meses.
- c) Seis meses.
- d) Un mes.

13. O artigo 106 da Lei 39/2015 dispón que as administracións públicas, en calquera momento, por iniciativa propia ou a solicitude de interesado, nos supostos previstos no artigo 47.1:

- a) Declararán de oficio a nulidade dos actos administrativos que puxesen fin á vía administrativa ou que non fosen recorridos en prazo, tras o ditame favorable do Consello de Estado ou do órgano consultivo equivalente da comunidade autónoma, se o houbese.
- b) Declararán de oficio a nulidade dos actos administrativos que non puxesen fin á vía administrativa ou que non fosen recorridos en prazo, tras o ditame favorable do Consello de Estado ou do órgano consultivo equivalente da comunidade autónoma, se o houbese.
- c) Declararán de oficio a nulidade dos actos administrativos que non puxesen fin á vía administrativa e que fosen recorridos en prazo, tras o ditame favorable do Consello de Estado ou do órgano consultivo equivalente da comunidade autónoma, se o houbese.

- d) Declararán de oficio a nulidade dos actos administrativos que puxesen fin á vía administrativa ou que fosen recorridos en prazo, tras o ditame favorable do Consello de Estado ou do órgano consultivo equivalente da comunidade autónoma, se o houbese.

14. O artigo 109 da Lei 39/2015 dispón que as administracións públicas poderán rectificar os erros materiais, de feito ou aritméticos existentes nos seus actos:

- a) Nun prazo máximo de tres anos desde que se ditou o acto administrativo.
- b) Mentres non transcorrese o prazo de prescrición.
- c) Mentres non transcorrese o prazo de prescrición, de oficio ou a instancia dos interesados.
- d) En calquera momento, de oficio ou a instancia dos interesados.

15. De acordo co artigo 114 da Lei 39/2015, poñen fin á vía administrativa (sinale a resposta incorrecta):

- a) A resolución administrativa dos procedementos de responsabilidade patrimonial, calquera que sexa o tipo de relación, pública ou privada, de que derive.
- b) As resolucións dos órganos administrativos que carezan de superior xerárquico, salvo que unha lei estableza o contrario.
- c) A resolución dos recursos de alzada.
- d) Os acordos, pactos, convenios ou contratos que non teñan a consideración de finalizadores do procedemento.

16. O artigo 118 da Lei 39/2015 dispón que, cando se deban ter en conta novos feitos ou documentos non recollidos no expediente orixinario, se poñerán de manifesto aos interesados para que:

- a) Nun prazo non inferior a dez días nin superior a quince, formulen as alegacións e presenten os documentos e xustificantes que estimen procedentes.
- b) Nun prazo non superior a vinte días nin inferior a quince, formulen as alegacións e presenten os documentos e xustificantes que estimen procedentes.
- c) Nun prazo non inferior a dez días nin superior a quince, interpoñan os recursos que estimen procedentes.
- d) Nun prazo non superior a dez días, formulen as alegacións e presenten os documentos e xustificantes que estimen procedentes.

17. En relación co artigo 122 da Lei 39/2015 prevé (sinale a resposta incorrecta):

- a) Unha vez transcorrido o prazo para a interposición do recurso de alzada sen interpoñerse o recurso, a resolución será definitiva para todos os efectos.
- b) Contra a resolución dun recurso de alzada non caberá ningún outro recurso administrativo, salvo o recurso extraordinario de revisión, nos casos establecidos no artigo 125.1
- c) Se o acto non fose expreso, o solicitante e outros posibles interesados poderán interpoñer recurso de alzada en calquera momento a partir do día seguinte a aquel en que, de acordo coa súa normativa específica, se produzan os efectos do silencio administrativo.
- d) O prazo máximo para ditar e notificar a resolución será de tres meses.

18. O artigo 131 da Lei 39/2015, ao referirse á publicidade das normas, establece que:

- a) As normas con rango de lei, os regulamentos e as disposicións administrativas poderanse publicar no diario oficial correspondente tras a súa entrada en vigor para que produzan efectos xurídicos.

- b) As normas con rango de lei, os regulamentos e as disposicións administrativas deberanse publicar no diario oficial correspondente para que entren en vigor e produzan efectos xurídicos.
- c) Adicionalmente, e de maneira preceptiva, as administracións públicas establecerán outros medios de publicidade complementarios.
- d) A publicación dos diarios ou boletíns oficiais nas sedes electrónicas non terá os mesmos efectos que os atribuídos á súa edición impresa

19. Segundo o artigo 1 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, esta lei ten por obxecto:

- a) Establecer e regular a organización e o funcionamento da Administración xeral do Estado e do seu sector público institucional para o desenvolvemento das súas actividades.
- b) Establecer e regular a organización e o funcionamento da Administración autonómica e do seu sector público institucional para o desenvolvemento das súas actividades.
- c) Establecer e regular a organización e o funcionamento da Administración xeral do Estado, da Administración autonómica, da Administración local e do seu sector público institucional para o desenvolvemento das súas actividades.
- d) Establecer e regular a organización e o funcionamento da Administración local e do seu sector público institucional para o desenvolvemento das súas actividades.

20. Segundo o artigo 3 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, ¿cal dos seguintes principios deberán respectar na súa actuación e relacións as administracións públicas?:

- a) Servizo eficiente aos cidadáns.
- b) Planificación e dirección por resultados e control da xestión e avaliación dos medios das políticas públicas.

- c) Boa fe, confianza lexítima e lealdade pública.
- d) Eficacia no cumprimento dos obxectivos fixados.

21. Segundo o artigo 5 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, para que unha unidade administrativa teña a consideración de órgano administrativo deberá:

- a) Ter atribuídas funcións que non teñan efectos xurídicos fronte a terceiros, ou cuxa actuación teña carácter preceptivo.
- b) Ter atribuídas funcións que teñan efectos xurídicos fronte a terceiros, ou cuxa actuación teña carácter preceptivo.
- c) Ter atribuídas funcións que teñan efectos xurídicos fronte a terceiros, ou cuxa actuación non teña carácter preceptivo.
- d) Ter atribuídas funcións que teñan efectos xurídicos fronte a terceiros, exclusivamente.

22. Segundo o artigo 15 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, o acordo de creación e as normas de funcionamento dos órganos colexiados deberán ser publicados no boletín ou diario oficial da Administración pública en que se integran:

- a) Cando se trate de órganos colexiados das distintas Administracións Públicas en que participen organizacións representativas de intereses sociais.
- b) Cando estes órganos non ditén resolucións que teñan efectos xurídicos fronte a terceiros.
- c) Cando estes órganos sexan consultivos e ditén resolucións que teñan efectos xurídicos sobre outros órganos administrativos.
- d) Cando estes órganos ditén resolucións que teñan efectos xurídicos fronte a terceiros.

23. Segundo o artigo 28 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, cando se exceptúa a responsabilidade solidaria no procedemento sancionador respecto da obriga de varias persoas polas sancións que se impoñan?:

- a) Cando a sanción sexa pecuniaria e sexa posible individualizala na resolución en función do grao de participación de cada responsable.
- b) Cando o cumprimento dunha obriga establecida por unha norma con rango de Lei corresponda a varias persoas conxuntamente, sempre responderán de forma solidaria das infraccións que, no seu caso, se cometan e das sancións que se impoñan.
- c) Cando a sanción sexa en especie e sexa posible individualizala na resolución en función do grao de participación de cada responsable.
- d) Cando a sanción sexa leve e sexa posible individualizala na resolución en función do grao de participación de cada responsable.

24. Segundo o artigo 39 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público, o punto de acceso electrónico cuxa titularidade corresponda a unha Administración pública que permite o acceso a través de Internet á información publicada e, se é o caso, á sede electrónica correspondente é:

- a) A sede electrónica.
- b) O punto de acceso virtual.
- c) O portal de Internet.
- d) O punto de acceso electrónico.

25. Segundo o artigo 48 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, os convenios subscritos pola Administración xeral do Estado resultarán eficaces:

- a) Pola prestación do consentimento das partes.

- b) Unha vez inscritos no Rexistro Electrónico Estatal de Órganos e Instrumentos de Cooperación do sector público estatal, e publicados no Boletín Oficial do Estado.
- c) Unha vez inscritos no Rexistro Electrónico Estatal de Órganos e Instrumentos de Cooperación do sector público estatal, e publicados no Boletín Oficial do Estado e no boletín oficial da comunidade autónoma ou provincia que corresponda á outra administración asinante.
- d) Pola súa publicación no boletín oficial da comunidade autónoma ou da provincia que corresponda á outra Administración asinante.

26. Segundo o artigo 140 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, cando dúas ou máis administracións públicas, de maneira voluntaria e en exercicio das súas competencias, asumen compromisos específicos a prol dunha acción común trátase do principio de:

- a) Competencia.
- b) Coordinación.
- c) Cooperación.
- d) Colaboración.

27. Segundo o artigo 141 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, no deber de colaboración, a asistencia e colaboración requirida só poderá negarse cando:

- a) O organismo público do que se solicita non estea facultado para prestala de acordo co previsto na súa normativa específica.
- b) O organismo público do que se solicita non teña dispoñibilidade técnica para prestala de acordo co previsto na súa normativa específica.
- c) O organismo público do que se solicita non teña dispoñibilidade orzamentaria para prestala de acordo co previsto na súa normativa específica.
- d) Cando a información solicitada non teña carácter confidencial.

28. Segundo o artigo 143 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, a formalización de relacións de cooperación requirirá:

- a) A aceptación tácita das partes, formulada en todo caso en convenios.
- b) A aceptación expresa das partes, formulada en acordos de órganos de cooperación ou en convenios.
- c) A aceptación expresa das partes, formulada sempre en acordos de órganos de cooperación.
- d) A aceptación tácita das partes, formulada en convenios de colaboración.

29. De conformidade co artigo 7.1 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, non se exclúen do ámbito da presente lei:

- a) Os acordos que celebre o Estado con outros Estados ou con outros suxeitos de dereito internacional.
- b) Os acordos que celebre o Estado coas Illas Canarias.
- c) Os adxudicados de acordo cun procedemento de contratación específico conforme co Tratado de Funcionamento da Unión Europea.
- d) Os adxudicados de acordo cun procedemento de contratación específico conforme a normas de contratación aprobadas por unha institución financeira internacional e financiados integramente ou maioritariamente por dita institución.

30. De acordo co artigo 8 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, quedan excluídos da presente lei os contratos de:

- a) Só os contratos de investigación.
- b) Só os contratos de desenvolvemento de programas.
- c) Todos os contratos de investigación experimental.
- d) Os contratos de investigación e desenvolvemento, coas excepcións previstas na propia lei.

31. Segundo o artigo 9.1 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, atópanse excluídos da presente lei:

- a) Os contratos de explotación de bens privativos.
- b) Os contratos de explotación de bens patrimoniais distintos aos definidos no artigo 14.
- c) Os contratos de explotación de bens gananciais.
- d) Todos os contratos de permutas sobre bens mobles, valores negociables e propiedades incorporais.

32. Segundo o artigo 11.1 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, queda excluída do ámbito da presente lei:

- a) A relación de servizo dos funcionarios públicos.
- b) Os contratos non regulados na lexislación laboral.
- c) Unicamente a relación de servizo dos funcionarios públicos.
- d) Unicamente os contratos regulados na lexislación laboral.

33. De acordo co artigo 28.1 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 as entidades do sector público non poderán celebrar outros contratos que aqueles que sexan necesarios para:

- a) O cumprimento e a realización de todos os seus fins.
- b) O cumprimento da programación da actividade de contratación pública.
- c) O cumprimento e a realización dos seus fins institucionais.
- d) O cumprimento e a realización dos seus fins económicos.

34. De conformidade co artigo 29.2 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, a prórroga acordarase

polo órgano de contratación e será obrigatoria para o empresario, sempre que o seu aviso previo se produza polo menos con:

- a) Dous meses de antelación á finalización do prazo de duración do contrato, en todo caso.
- b) Seis meses de antelación á finalización do prazo de duración do contrato, salvo que no prego que rexa o contrato se estableza un maior.
- c) Tres meses de antelación á finalización do prazo de duración do contrato, salvo que no prego que rexa o contrato se estableza un maior.
- d) Dous meses de antelación á finalización do prazo de duración do contrato, salvo que no prego que rexa o contrato se estableza un maior.

35. Segundo o artigo 29.4 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, os contratos de subministracións e de servizos de prestación sucesiva terán un prazo máximo de duración de:

- a) Dez anos, incluídas as posibles prórrogas.
- b) Cinco anos, incluídas as posibles prórrogas.
- c) Catro anos, incluídas as posibles prórrogas.
- d) Oito anos, incluídas as posibles prórrogas.

36. Segundo o artigo 38.a) da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, os contratos celebrados polos poderes adjudicadores, incluídos os contratos subvencionados a que se refire o artigo 23, serán inválidos cando concorran nelas algunha das causas que os invalidan de conformidade coas disposicións do:

- a) Dereito civil.
- b) Dereito mercantil.

- c) Dereito penal.
- d) Dereito político.

37. Segundo o artigo 40 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, son causas de anulabilidade de dereito administrativo:

- a) O incumprimento das normas establecidas para a adxudicación dos contratos baseados nun acordo marco celebrado con varios empresarios ou dos contratos específicos baseados nun sistema dinámico de adquisición no que estivesen admitidos varios empresarios, sempre que o dito incumprimento determinase a adxudicación do contrato de que se trate a outro licitador.
- b) A carencia ou insuficiencia de crédito, de conformidade co establecido na Lei 47/2003, do 26 de novembro, xeral orzamentaria, ou nas normas orzamentarias das restantes administracións públicas suxeitas a esta lei, salvo os supostos de emerxencia.
- c) Levar a efecto a formalización do contrato, nos casos en que se interpuxese o recurso especial en materia de contratación a que se refiren os artigos 44 e seguintes, sen respectar a suspensión automática do acto impugnado nos casos en que fose procedente, ou a medida cautelar de suspensión acordada polo órgano competente para coñecer do recurso especial en materia de contratación que se interpuxese.
- d) Todas aquelas disposicións, resolucións, cláusulas ou actos emanados de calquera poder adxudicador que outorguen, de forma directa ou indirecta, vantaxes ás empresas que contratasen previamente con calquera Administración.

38. De conformidade co artigo 42.1 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, a declaración de nulidade dos actos preparatorios do contrato ou da adxudicación, cando sexa firme, suporá a nulidade de:

- a) Da parte que estea afectada pola declaración de nulidade.
- b) O mesmo contrato.
- c) Só unha parte do contrato.
- d) Só os actos preparatorios.

39. De acordo co artigo 44.4 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 non se dará o recurso especial en materia de contratación en relación cos procedementos de adxudicación que se sigan polo trámite de:

- a) Emerxencia.
- b) Extrema rapidez.
- c) Necesidade.
- d) Urxencia.

40. De acordo co artigo 44.7 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 a interposición do recurso especial en materia de contratación terá:

- a) Carácter obrigatorio e non será gratuíto para os recorrentes.
- b) Carácter potestativo e oneroso para os recorrentes.
- c) Carácter potestativo e será gratuíto para os recorrentes.

d) Carácter obrigatorio e será gratuíto para os recurrentes.

41. De conformidade co artigo 45.1 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 o Tribunal Administrativo Central de Recursos Contractuais estará adscrito ao:

- a) Ministerio de Deportes.
- b) Ministerio de Cultura.
- c) Ministerio de Economía.
- d) Ministerio de Facenda e Función Pública.

42. De acordo co artigo 51.2 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, que prazo ten o interesado para emendar os defectos que poidan afectar o escrito de interposición do recurso?:

- a) 1 mes.
- b) 20 días hábiles.
- c) 3 días hábiles.
- d) 5 días hábiles.

43. De conformidade co artigo 52.1 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, se o interesado desexa examinar o expediente de contratación de forma previa á interposición do recurso especial, deberá solicitarllo ao:

- a) Órgano de licitación.

- b) Valedor do Pobo.
- c) Tribunal Administrativo Central de Recursos Contractuais.
- d) Órgano de contratación.

44. De acordo co artigo 52.2 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, a presentación da solicitude de acceso ao expediente:

- a) Non paralizará en ningún caso o prazo para a interposición do recurso especial.
- b) Poderá paralizar o prazo para a interposición do recurso especial.
- c) Paralizará sempre o prazo de interposición do recurso especial.
- d) Paralizará nalgúns casos o prazo de interposición do recurso especial.

45. De conformidade co artigo 59.3 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, que órganos poderán rectificar en calquera momento, de oficio ou a instancia dos interesados, os erros materiais, de feito ou aritméticos existentes nos seus actos, incluída a resolución do recurso?:

- a) Os competentes para a resolución do recurso.
- b) Os competentes para a tramitación do recurso.
- c) Os competentes para a adxudicación do contrato.
- d) O Tribunal Administrativo Central de Recursos Contractuais.

46. De acordo co artigo 61.1 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e

2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, a representación das entidades do sector público en materia contractual corresponde a:

- a) Os órganos de adxudicación.
- b) Os órganos de contratación unipersoais ou colexiados.
- c) Os empresarios.
- d) Os órganos de licitación.

47. De acordo co disposto no artigo 1, da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, no obxecto da lei recóllese:

- a) A regulación do exercicio da potestade regulamentaria.
- b) A regulación do exercicio de poderes da comunidade autónoma.
- c) O impulso da organización da participación da cidadanía nos asuntos públicos.
- d) O procedemento de elaboración de leis.

48. Segundo o artigo 2 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, a Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia:

- a) Está integrada por consellerías que actúan con personalidade xurídica única, dirixidas polo Consello da Xunta de Galicia.
- b) Está integrada por consellerías e entidades públicas instrumentais dependentes que desenvolven as funcións que determine a acción de goberno.
- c) Constituída por órganos xerarquicamente ordenados e dirixida pola Xunta de Galicia, actúa con personalidade xurídica única.
- d) Constituída por órganos xerarquicamente ordenados e dirixida pola Xunta de Galicia, actúa con personalidade xurídica propia.

49. Segundo o artigo 4 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, a organización e actividade da Administración xeral e das entidades que integran o sector público autonómico responde ao principio de división funcional. Na súa organización observaranse os seguintes principios, indique o que non corresponda:

- a) Xerarquía.
- b) Descentralización.
- c) Legalidade.
- d) Simplificación, claridade, boa fe, imparcialidade, confianza lexítima e proximidade aos cidadáns.

50. En base ao artigo 10 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, poderá encargarse a realización de tarefas a outras persoas físicas ou xurídicas de dereito privado por medio de convenios:

- a) Sempre que se respecten os contidos e os límites da lexislación básica sobre contratación do sector público.
- b) Sempre que se respecten os contidos e os límites da lexislación básica sobre convenios, cando se trate de persoas xurídicas, ou os contidos e límites da lexislación básica sobre contratación cando se trate de persoas físicas.
- c) Sempre que se trate de persoas físicas cando as tarefas teñan que realizarse con suxeición ao dereito administrativo.
- d) Sempre que se respecten os contidos e os límites da lexislación básica sobre contratación del sector público e se trate de actividades que deban realizarse con subxección ao dereito administrativo.

51. De acordo co artigo 11 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico

de Galicia, os titulares dos órganos da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia poderán, en materia da súa propia competencia, delegar a sinatura das súas resolucións e dos seus actos administrativos:

- a) Nos titulares dos órganos que dependan deles.
- b) Nos órganos que designe a persoa titular da consellería.
- c) Nos procedementos de carácter sancionador.
- d) Nos órganos relacionados xerarquicamente.

52. Segundo o disposto no artigo 12 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, os titulares dos órganos administrativos poderán ser suplidos temporalmente nos supostos de vacante, ausencia ou enfermidade por quen designe o órgano competente para o nomeamento daqueles. Se non se designa suplente:

- a) A competencia do órgano administrativo será exercida por quen designe o órgano administrativo inmediato superior do que dependa.
- b) A suplencia requirirá autorización previa da persoa titular da consellería competente.
- c) A competencia do órgano administrativo será exercida polo órgano en quen delegue a persoa titular da consellería competente.
- d) A competencia do órgano administrativo será exercida por quen designe o órgano administrativo inmediatamente superior do que dependa e supón a alteración da competencia.

53. De conformidade co establecido no artigo 3 da Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia, é un fin desta lei:

- a) A modernización dos sectores privado e público autonómico, aplicando as tecnoloxías existentes en cada momento, de xeito que a actividade pública sexa máis transparente, áxil, responsable e innovadora.

- b) O impulso do uso da identificación electrónica e dos servizos de confianza para as transaccións dixitais e/ou analóxicas.
- c) A regulación da infraestrutura e dos sistemas tecnolóxicos que habilitan o funcionamento dixital do sector público autonómico de Galicia.
- d) A cooperación intraadministrativa e a reutilización dos servizos e compoñentes técnicos como mecanismo esencial para asegurar a interoperabilidade.

54. De conformidade co establecido no artigo 5.2 da Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia, a administración xeral e as entidades públicas instrumentais do sector público autonómico de Galicia promoveran o desenvolvemento dos servizos públicos dixitais que:

- a) Atendan de xeito non personalizado á cidadanía, sen ter en conta as súas circunstancias.
- b) Promovan actuacións simplificadas ou automatizadas que reduzan os tempos de atención ou resolución administrativa.
- c) Teñan en conta as características especiais das zonas urbanas, tanto na súa concentración como na dispoñibilidade de medios de acceso aos servizos públicos dixitais.
- d) Promovan a prestación de servizos conxuntos entre os órganos da Administración xeral e os organismos autónomos do sector público autonómico, orientados á atención das necesidades de la sociedade.

55. De conformidade co establecido no artigo 9 da Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia, a Xunta de Galicia determinará as medidas necesarias para garantir:

- a) Que os cidadáns e cidadás galegas residentes fóra de Galicia que residan no ámbito da Unión Europea, e as entidades galegas asentadas fóra de Galicia, teñan acceso por medios electrónicos aos servizos públicos dixitais que lles sexan de aplicación.

- b) Que os cidadáns e cidadás galegas residentes fóra de Galicia, excluindo as entidades galegas asentadas fóra de Galicia, teñan acceso por medios electrónicos aos servizos públicos dixitais que lles sexan de aplicación.
- c) Que os cidadáns e cidadás galegas residentes fóra de Galicia e as entidades galegas asentadas fóra de Galicia teñan acceso por medios electrónicos aos servizos públicos dixitais que lles sexan de aplicación.
- d) Que os cidadáns e cidadás galegas residentes fóra de Galicia e as entidades públicas instrumentais do sector público autonómico asentadas fóra de Galicia teñan acceso por medios electrónicos aos servizos públicos dixitais que lles sexan de aplicación.

56. De conformidade co establecido no artigo 13.2 da Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia, relativo aos usos lingüísticos:

- a) Os contidos e servizos dixitais estableceranse en castelán como lingua de contacto inicial.
- b) Os contidos e servizos dixitais estableceranse en castelán e galego como linguas de contacto inicial.
- c) Os contidos e servizos dixitais estableceranse en galego como lingua de contacto inicial.
- d) Os contidos e servizos dixitais poderán establecer o castelán como lingua de uso.

57. Segundo o establecido no artigo 32.1 da Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia, o cómputo de prazos do Rexistro Electrónico Xeral rexerese polo establecido:

- a) No artigo 31 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.
- b) No artigo 35 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

- c) No artigo 38 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.
- d) No artigo 30 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

58. Segundo o establecido no artigo 33.8 da Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia, os días e horario nos que estarán abertas ao público as oficinas de atención á cidadanía e rexistro determinaranse:

- a) Mediante resolución administrativa.
- b) Mediante decreto do Consello da Xunta de Galicia.
- c) Mediante lei do Parlamento de Galicia.
- d) Mediante orde da persoa titular da consellería competente na materia.

59. Segundo o establecido no artigo 35.1 da Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia, non é unha función das oficinas de atención á cidadanía e rexistro:

- a) Contestar as queixas e suxestións presentadas e asesorar as persoas usuarias sobre o exercicio de calquera dereito.
- b) Prover dos medios de identificación dixital ás persoas que así o soliciten.
- c) Practicar as comunicacións ou notificacións nos casos previstos no artigo 41.1.a) da lei 39/2015, do 1 de outubro.
- d) A realización de copias auténticas.

60. Segundo o establecido no artigo 42 da Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia, as persoas, nas súas relacións co sector público autonómico, poderán identificarse de xeito electrónico a través de:

- a) Sistemas baseados en certificados dixitais recoñecidos ou cualificados de selo electrónico expedidos por prestadores incluídos na Lista de confianza de prestadores cualificados de servizos electrónicos de confianza.

- b) Sistemas baseados en certificados electrónicos recoñecidos ou cualificados de sinatura electrónica expedidos por prestadores incluídos ou non na Lista de confianza de prestadores cualificados de servizos electrónicos de confianza.
- c) Sistemas de clave concertada e calquera outro sistema que a administración estatal considere válido, nos termos e condicións que se establezan.
- d) Sistemas baseados en certificados electrónicos recoñecidos ou cualificados de selo electrónico expedidos por prestadores incluídos na Lista de confianza de prestadores cualificados de servizos electrónicos de confianza.

61. Segundo o establecido no artigo 47.2 da Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia, as persoas interesadas obrigadas a relacionarse a través de medios electrónicos coa administración:

- a) Deberán optar en todo caso pola notificación por medios electrónicos sen que sexa válida para elas, nin teña efecto no procedemento, unha opción diferente.
- b) Poderán optar por calquera medio de notificación sen ningunha restrición.
- c) Poderán optar por calquera medio de notificación excepto nos casos da tramitación de expedientes sancionadores que serán notificados por medios electrónicos de xeito exclusivo.
- d) Deberán optar en todo caso pola notificación por medios electrónicos, salvo nos procedementos iniciados de oficio pola Administración.

62. Segundo o establecido no artigo 61 da Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia, o contido mínimo do Inventario de información administrativa inclúe (sinale a resposta incorrecta):

- a) O Catálogo de procedementos e servizos.

- b) A relación de órganos e entidades instrumentais do sector público autonómico de Galicia.
- c) As oficinas da Rede de oficinas de atención á cidadanía e rexistro.
- d) O Directorio oficial do sector público autonómico e do estatal, así como as relacións entre eles.

63. Segundo o recollido no artigo 5 da Lei 2/2015, do 29 de abril, de emprego público de Galicia, pódense ditar normas singulares para adecuar esta lei ás peculiaridades:

- a) Do persoal investigador.
- b) Do persoal docente dependente da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e do persoal estatutario do Servizo Galego de Saúde, agás as materias recollidas no dito artigo.
- c) Do persoal docente dependente da Administración especial da Comunidade Autónoma de Galicia e do persoal estatutario do Servizo Galego de Saúde, agás as materias recollidas no dito artigo.
- d) Do persoal estatutario do Servicio Galego de Saúde.

64. Que persoal, segundo o recollido no artigo 11 da Lei 2/2015, do 29 de abril, de emprego público de Galicia, se rexe pola súa normativa reguladora e, supletoriamente, por esta lei:

- a) O persoal dos órganos estatutarios da Comunidade Autónoma de Galicia.
- b) O persoal que presta servizos no Consello Consultivo de Galicia.
- c) O persoal funcionario de administración e servizos das universidades públicas galegas.
- d) O persoal docente.

65. Segundo o artigo 18 da Lei 2/2015, do 29 de abril, de emprego público de Galicia, indique como se determina a composición da Comisión de Persoal:

- a) Por lei do Parlamento de Galicia.
- b) Por orde da consellería con competencias en materia de función pública.
- c) Por decreto do consello da Xunta.
- d) Por resolución administrativa.

66. Segundo o artigo 22.1 da Lei 2/2015, do 29 de abril, de emprego público de Galicia, o exercicio das funcións que impliquen participación directa ou indirecta no exercicio de potestades públicas ou na salvagarda dos intereses xerais das administracións públicas correspóndelle exclusivamente:

- a) Ao persoal directivo.
- b) Ao persoal funcionario.
- c) Ao persoal empregado público.
- d) Ao persoal eventual.

67. Segundo o artigo 23 da Lei 2/2015, do 29 de abril, de emprego público de Galicia, indique cal das seguintes non se considera unha circunstancia válida para o nomeamento de persoal funcionario interino:

- a) O permiso a tempo parcial, para cubrir a parte da xornada que non realice o titular do posto.
- b) A execución de programas de carácter temporal e duración determinada que non respondan a necesidades permanentes da Administración.
- c) O exceso ou acumulación de tarefas de carácter excepcional e circunstancial, por un prazo de seis meses dentro dun período de doce meses.
- d) A existencia de postos vacantes, con dotación orzamentaria, cando non sexa posible a cobertura por persoal funcionario de carreira.

68. Con base no recollido no artigo 32 da Lei 2/2015, do 29 de abril, de emprego público de Galicia, a quen correspondería o cesamento no caso do persoal eventual das axencias públicas autonómicas?:

- a) Ao mesmo órgano competente para o seu nomeamento.
- b) Á persoa que exerza a dirección da axencia.
- c) Ás entidades públicas instrumentais do sector público autonómico non poden nomear persoal eventual.
- d) Ao titular da consellería con competencias en materia de función pública.

69. O artigo 33 da Lei 2/2015, do 29 de abril, de emprego público de Galicia, recolle que as características e o funcionamento do Rexistro de Persoal Directivo da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia se regulará mediante:

- a) Lei do Parlamento de Galicia.
- b) Decreto-lei.
- c) Decreto do Consello da Xunta.
- d) Orde da consellería competente en materia de Función Pública.

70. Segundo o artigo 47 da Lei 2/2015, do 29 de abril, de emprego público de Galicia, os plans de ordenación de recursos humanos conterán necesariamente (indique a resposta falsa):

- a) O ámbito de aplicación e vixencia.
- b) As medidas de ordenación de recursos humanos previstas.
- c) O cronograma detallado da súa implantación.
- d) Previsións sobre modificacións de estruturas organizativas e de postos de traballo.

71. Segundo o artigo 53 da Lei 2/2015, do 29 de abril, de emprego público de Galicia, os requisitos e as condicións para o acceso ao emprego público nas administracións públicas incluídas no ámbito de aplicación desta lei do

persoal funcionario de nacionalidade española ao servizo de organismos internacionais estableceranse:

- a) Por Lei do Parlamento de Galicia.
- b) Mediante Decreto do Consello da Xunta de Galicia.
- c) Regulamentariamente.
- d) Por Decreto-lei.

72. Con base no artigo 59 da Lei 2/2015, do 29 de abril, de emprego público de Galicia, poderá formar parte dos órganos de selección:

- a) O persoal funcionario interino.
- b) O persoal laboral temporal.
- c) As persoas que nos cinco anos anteriores á publicación da convocatoria tivesen colaborado con centros de preparación de opositores.
- d) O persoal funcionario de carreira membro das organizacións sindicais a título individual.

73. Segundo o artigo 63 da Lei 2/2015, do 29 de abril, de emprego público de Galicia, a condición de persoal laboral adquirese:

- a) Pola superación do proceso selectivo.
- b) Pola sinatura do contrato de traballo, logo da acreditación de que se reúnen os requisitos e as condicións exixidas e da superación do correspondente proceso selectivo.
- c) Pola sinatura do contrato de traballo, logo da acreditación de que se reúnen os requisitos e as condicións exixidas e, de ser o caso, da superación do correspondente proceso selectivo.
- d) Pola sinatura do contrato de traballo, exclusivamente.

74. Segundo a redacción do artigo 68.4 da Lei 2/2015, do 29 de abril, de emprego público de Galicia, sobre a prolongación da permanencia en situación de servizo activo, indique cal dos seguintes non é un criterio no

que debe basearse o informe previo do órgano competente en materia de persoal da Administración pública na que o solicitante preste os seus servizos:

- a) Capacidade psicofísica do solicitante.
- b) Resultados da avaliación do desempeño.
- c) Razóns funcionais.
- d) Servizos prestados no mesmo corpo, escala ou categoría.

75. De acordo coa redacción do artigo 69 da Lei 2/2015, do 29 de abril, de emprego público de Galicia, nos supostos de rehabilitación da condición de persoal funcionario, o persoal funcionario reincorporarase ao último posto de traballo que ocupase con carácter definitivo:

- a) Se a solicitude de rehabilitación se presenta antes de que transcorra dous anos desde a extinción da relación de servizo como consecuencia de xubilación por incapacidade temporal.
- b) Se a solicitude de rehabilitación se presenta antes de que transcorran dous anos desde a extinción da relación de servizo como consecuencia de perda da nacionalidade.
- c) Se a solicitude de rehabilitación se presenta antes de que transcorran dous anos desde a extinción da relación de servizo como consecuencia de xubilación por incapacidade permanente para o servizo.
- d) Se a solicitude de rehabilitación se presenta antes de que transcorran dous anos desde a extinción da relación de servizo como consecuencia de condena á pena principal ou accesoria de inhabilitación.

76. Conforme coa redacción do artigo 72 da Lei 2/2015, do 29 de abril, de emprego público de Galicia, as administracións públicas incluídas no ámbito de aplicación desta lei deben elaborar e aplicar un plan de igualdade:

- a) Que se desenvolverá no convenio colectivo ou no acordo de condicións de traballo do persoal laboral que sexa aplicable, nos termos previstos por este.
- b) Que se desenvolverá no acordo de condicións de traballo do persoal laboral que sexa aplicable.
- c) Que se desenvolverá no convenio colectivo ou no acordo de condicións de traballo do persoal funcionario que sexa aplicable.
- d) Que se desenvolverá consonte o recollido na lexislación aplicable.

77. Con base no recollido no artigo 73 da Lei 2/2015, do 29 de abril, de emprego público de Galicia, cal dos seguintes non se considera principio de actuación dos empregados públicos:

- a) Neutralidade.
- b) Honradez.
- c) Confidencialidade.
- d) Todos os anteriores son principios de actuacións dos empregados públicos.

78. Segundo o recollido no artigo 75 da Lei 2/2015, do 29 de abril, de emprego público de Galicia, a carreira horizontal consiste:

- a) No acceso a outro corpo ou escala do mesmo subgrupo ou grupo de clasificación profesional, no suposto de que este non teña subgrupo, consonte o establecido nesta sección.
- b) No ascenso desde outro corpo ou escala dun subgrupo ou grupo de clasificación profesional, no suposto de que este non teña subgrupo, a outro superior, consonte o establecido nesta sección.
- c) No ascenso na estrutura de postos de traballo polos procedementos de provisión establecidos nesta lei.
- d) No ascenso de grao e de categoría profesional sen necesidade de cambiar de posto de traballo, nos termos que se establezan

regulamentariamente en desenvolvemento dos principios recollidos nesta sección.

79. Conforme co recollido no artigo 76 da Lei 2/2015, do 29 de abril, de emprego público de Galicia, para os efectos desta lei, considérase itinerario profesional:

- a) O conxunto dos distintos grupos e subgrupos de clasificación profesional do persoal funcionario que conforman unha área de competencias, capacidades, coñecementos e formación comúns.
- b) O conxunto de corpos e escalas dos distintos grupos e subgrupos de clasificación profesional do persoal empregado público que conforman unha área de competencias, capacidades, coñecementos e formación comúns.
- c) O conxunto de corpos e escalas dos distintos grupos e subgrupos de clasificación profesional do persoal funcionario de carreira que conforman unha área de competencias, capacidades, coñecementos e formación comúns.
- d) O conxunto de corpos, escalas e categorías profesionais do persoal empregado público que conforman unha área de competencias, capacidades, coñecementos e formación comúns e que habilitan para o exercicio dunha profesión no ámbito da Administración especial ou dun conxunto de actividades administrativas no ámbito da Administración xeral.

80. Segundo o artigo 89 da Lei 2/2015, do 29 de abril, de emprego público de Galicia, cal é o procedemento normal de provisión de postos de traballo polo persoal funcionario de carreira?:

- a) O concurso.
- b) O concurso ordinario.
- c) O concurso común.

d) O concurso específico.

81. Segundo o artigo 89 da Lei 2/2015, do 29 de abril, de emprego público de Galicia, as convocatorias para prover postos de traballo por concurso deben incluír, en todo caso, os seguintes datos e circunstancias (sinalar a incorrecta):

- a) A identificación dos postos que se oferten.
- b) Os requisitos necesarios para participar na convocatoria.
- c) A relación alfanumérica dos postos.
- d) O baremo de méritos.

82. Segundo o recollido no artigo 90 da Lei 2/2015, do 29 de abril, de emprego público de Galicia, para poder participar nos concursos ordinarios:

- a) O persoal funcionario de carreira que ocupe con carácter definitivo un posto de traballo debe permanecer nel un mínimo de dous anos.
- b) O persoal funcionario de carreira que ocupe con carácter definitivo un posto de traballo obtido por concurso debe permanecer nel un mínimo de dous anos.
- c) O persoal funcionario de carreira que ocupe con carácter definitivo un posto de traballo obtido por concurso ou libre designación debe permanecer nel un mínimo de dous anos.
- d) O persoal funcionario de carreira debe ter unha antigüidade mínima de dous anos desde o nomeamento como persoal funcionario de carreira.

83. Segundo o artigo 91 da Lei 2/2015, do 29 de abril, de emprego público de Galicia, debe permanecer no posto de traballo un mínimo de seis meses para poder participar nos concursos específicos regulados neste artigo:

- a) O persoal funcionario de carreira que ocupe con carácter definitivo un posto de traballo obtido por concurso.

- b) O persoal funcionario de carreira que ocupe con carácter definitivo un posto de traballo obtido por concurso e teña unha antigüidade mínima de dous anos como persoal funcionario de carreira.
- c) O persoal funcionario de carreira que ocupe con carácter definitivo un posto de traballo.
- d) O persoal funcionario de carreira que ocupe con carácter definitivo un posto de traballo obtido por concurso ou libre designación.

84. Segundo o artigo 92 da Lei 2/2015, do 29 de abril, de emprego público de Galicia, soamente se poden proveer polo procedemento de libre designación con convocatoria pública entre persoal funcionario de carreira:

- a) As vicesecretarías xerais, as subdireccións xerais ou equivalentes, as secretarías de altos cargos e, excepcionalmente, aquel outros postos de traballo de especial responsabilidade ou cualificación profesional que se determinen nas relacións de postos de traballo.
- b) As vicesecretarías xerais, as subdireccións xerais ou equivalentes, as secretarías de altos cargos, as secretarías de subdireccións e, excepcionalmente, aquel outros postos de traballo de especial responsabilidade ou cualificación profesional que se determinen nas relacións de postos de traballo.
- c) As vicesecretarías xerais, as subdireccións xerais ou equivalentes e as secretarías de altos cargos.
- d) As subdireccións xerais e as secretarías de altos cargos e, excepcionalmente, aquel outros postos de traballo de especial responsabilidade ou cualificación profesional que se determinen nas relacións de postos de traballo.

85. Con base no recollido no artigo 94 da Lei 2/2015, do 29 de abril, de emprego público de Galicia, a competencia para a remoción dos postos de traballo provistos por concurso na Administración xeral da Comunidade

Autónoma de Galicia e nas entidades públicas instrumentais do sector público autonómico corresponde:

- a) Ao Consello da Xunta de Galicia.
- b) Á consellería ou á entidade en que estea destinada a persoa afectada, respectivamente.
- c) Á consellería con competencias en materia de administracións públicas.
- d) Á consellería competente en materia de función pública, a proposta da consellería ou entidade de destino da persoa afectada.

86. Segundo o artigo 103 da Lei 2/2015, do 29 de abril, de emprego público de Galicia, se o posto de traballo asignado por reasignación de efectivos está situado noutra localidade e, como consecuencia, o persoal funcionario afectado traslada o seu lugar de residencia, entre as cantidades que se percibirá figurará:

- a) Unha indemnización de tres mensualidades da totalidade das retribucións, agás o complemento específico.
- b) Unha indemnización de seis mensualidades da totalidade das retribucións, agás o complemento de desempeño.
- c) Unha indemnización de tres mensualidades da totalidade das retribucións, agás o complemento de desempeño.
- d) Unha indemnización de tres mensualidades da totalidade das retribucións, agás o complemento de posto de traballo.

87. Segundo o artigo 111 da Lei 2/2015, do 29 de abril, de emprego público de Galicia:

- a) O persoal funcionario ten dereito a un permiso para concorrer a exames finais ou outras probas definitivas de aptitude.
- b) O persoal funcionario de carreira ten dereito a un permiso para concorrer a exames finais ou outras probas definitivas de aptitude.

- c) O persoal funcionario ten dereito a un permiso de tres días para concorrer a probas selectivas.
- d) O persoal funcionario de carreira ten dereito a unha licenza para concorrer a exames finais, probas definitivas de aptitude e probas selectivas no eido do emprego público.

88. Segundo o artigo 113 da Lei 2/2015, do 29 de abril, de emprego público de Galicia, indique cal das seguintes opcións é certa:

- a) Nos casos de nacemento de fillos prematuros ou que por calquera outra causa deban permanecer hospitalizados a continuación do parto, o persoal funcionario ten dereito a ausentarse do posto de traballo durante un máximo de seis horas diarias mentres dure o período de hospitalización, percibindo as retribucións íntegras.
- b) Nos casos de nacemento de fillos prematuros ou que por calquera outra causa deban permanecer hospitalizados a continuación do parto, o persoal funcionario ten dereito a ausentarse do posto de traballo durante un máximo de tres horas diarias, mentres dure o período de hospitalización, percibindo as retribucións íntegras.
- c) Nos casos de nacemento de fillos prematuros ou que por calquera outra causa deban permanecer hospitalizados a continuación do parto, o persoal funcionario ten dereito a ausentarse do posto de traballo durante un máximo de cinco horas diarias, mentres dure o período de hospitalización, percibindo as retribucións íntegras
- d) Nos casos de nacemento de fillos prematuros ou que por calquera outra causa deban permanecer hospitalizados a continuación do parto, o persoal funcionario ten dereito a ausentarse do posto de traballo durante un máximo de dúas horas diarias, mentres dure o período de hospitalización, coa percepción íntegra das súas retribucións.

89. Segundo recolle o artigo 115 da Lei 2/2015, do 29 de abril, de emprego público de Galicia, cando exista necesidade de desprazamento para recibir un tratamento de fecundación asistida, o persoal funcionario:

- a) Ten dereito a un permiso cunha duración de dous días hábiles.
- b) Ten dereito a un permiso cunha duración de tres días hábiles.
- c) Ten dereito a un permiso cunha duración de dous días naturais.
- d) Ten dereito a acollerse a aqueles permisos adecuados á natureza do asunto nos termos establecidos no capítulo VI da lei.

90. De acordo co artigo 7 da Lei 53/1984, do 26 de decembro, de incompatibilidades do persoal ao servizo das administracións públicas, os servizos prestados no segundo posto ou actividade:

- a) Non se computarán para efectos de trienios e de dereitos pasivos.
- b) Computaranse para efectos de trienios e de dereitos pasivos.
- c) Poderán computarse para efectos de trienios e de dereitos pasivos, agás no caso de que se suspenda a cotización.
- d) Non se computarán para efectos de carreira, trienios e de dereitos pasivos, e as pagas extraordinarias percibiranse polo primeiro dos postos.

91. De acordo co artigo 8 da Lei 53/1984, do 26 de decembro, de incompatibilidades do persoal ao servizo das administracións públicas, o persoal incluído no ámbito de aplicación desta lei que, en representación do sector público, pertenza a consellos de administración ou órganos de goberno de entidades ou empresas públicas ou privadas:

- a) Percibirá as retribucións que lle correspondan pola súa pertenza e poderá percibir ademais as axudas de custo ou as indemnizacións que correspondan pola súa asistencia.
- b) Non poderá percibir as axudas de custo ou as indemnizacións que correspondan pola súa asistencia a estes.

- c) Poderán percibir as retribucións que lle correspondan pola súa pertenza ao órgano de que se trate e calquera outra cantidade devindicada ingresarase directamente na Tesourería pública que corresponda.
- d) Só poderá percibir as axudas de custo ou as indemnizacións que correspondan pola súa asistencia a estes.

92. De acordo co artigo 9 da Lei 53/1984, do 26 de decembro, de incompatibilidades do persoal ao servizo das administracións públicas, a autorización de compatibilidade para un segundo posto ou actividade no sector público require:

- a) O informe previo favorable do órgano competente conforme á adscrición do segundo posto.
- b) A declaración responsable do interesado.
- c) A declaración responsable do interesado, co informe favorable do órgano competente conforme á adscrición do primeiro posto.
- d) O informe preceptivo dos Directores dos Organismos, Entes e Empresas públicas.

93. En base ao artigo 1 do Real decreto legislativo 1/2013, do 29 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei xeral de dereitos das persoas con discapacidade e da súa inclusión social, esta norma ten por obxecto a garantía de dereitos das persoas con discapacidade conforme a:

- a) Os artigos 9.2, 10, 14 e 49 da Constitución española, a Convención Internacional sobre os Dereitos das Persoas con Discapacidade e o Tratado da Unión Europea.
- b) Os artigos 9.2, 10, 14 e 49 da Constitución española, a Convención Internacional sobre os Dereitos das Persoas con Discapacidade e os tratados e acordos internacionais ratificados por España.
- c) Os artigos 9.2, 10, 14 e 49 da Constitución española e a Convención Internacional sobre os Dereitos das Persoas con Discapacidade.

- d) Os artigos 9.2, 10, 14 e 49 da Constitución española, a Convención Internacional sobre os Dereitos das Persoas con Discapacidade, o Tratado da Unión Europea e os tratados e acordos internacionais ratificados por España.

94. En base ao artigo 2 do Real decreto legislativo 1/2013, do 29 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei xeral de dereitos das persoas con discapacidade e da súa inclusión social, atendendo ao principio de transversalidade das políticas en materia de discapacidade:

- a) As actuacións que desenvolven as administracións públicas comprenden as políticas e as liñas de acción de carácter xeral en calquera dos ámbitos de actuación pública, onde se terán en conta as necesidades e as demandas das persoas con discapacidade.
- b) As organizacións representativas de persoas con discapacidade e das súas familias participarán na elaboración e avaliación das políticas oficiais que se desenvolven na esfera das persoas con discapacidade.
- c) As actividades e servizos que prestan as administracións públicas deberán poder ser utilizados por todas as persoas, na maior extensión posible, sen necesidade de adaptación nin deseño especializado.
- d) A sociedade promove valores compartidos orientados ao ben común e á cohesión social, permitindo que todas as persoas con discapacidade teñan as oportunidades e recursos necesarios para participar plenamente na vida política, económica, social, educativa, laboral e cultural, e para gozar dunhas condicións de vida en igualdade cos demais

95. De acordo co artigo 3 do Real decreto legislativo 1/2013, do 29 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei xeral de dereitos das persoas con discapacidade e da súa inclusión social, son principios desta lei (sinale a resposta incorrecta):

- a) A vida independente.

- b) O diálogo social.
- c) A normalización.
- d) A igualdade de oportunidades.

96. De acordo co artigo 13 do Real decreto legislativo 1/2013, do 29 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei xeral de dereitos das persoas con discapacidade e da súa inclusión social, os programas de atención integral poderán comprender:

- a) Apoio para a actividade académica.
- b) Toma de decisións en representación das persoas con discapacidade.
- c) Toma de decisións en representación das familias de persoas con discapacidade.
- d) Atención, tratamento e orientación psicolóxica.

97. En base ao artigo 20 do Real decreto legislativo 1/2013, do 29 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei xeral de dereitos das persoas con discapacidade e da súa inclusión social, co fin de garantir o dereito a unha educación inclusiva das persoas con discapacidade, establécese como garantía adicional que as persoas que cursen estudos universitarios cuxa discapacidade lles dificulte gravemente a adaptación ao réxime de convocatorias establecido, con carácter xeral:

- a) Poderán solicitar a ampliación do número de convocatorias, na medida que compense a súa dificultade, sen mingua do nivel exixido.
- b) Poderán solicitar a exención de probas ou a adaptación dos niveis de esixencia.
- c) Poderán solicitar a adaptación de tempos e/ou espazos para a realización das probas sen mingua do nivel exixido.
- d) Poderán solicitar ampliación de prazos para completar trámites administrativos.

98. De acordo co artigo 23 do Real decreto legislativo 1/2013, do 29 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei xeral de dereitos das persoas con discapacidade e da súa inclusión social, regular as condicións de accesibilidade e non discriminación que garantan os mesmos niveis de igualdade de oportunidades a todas as persoas con discapacidade, corresponde:

- a) Ao Goberno, sen prexuízo das competencias atribuídas ás comunidades autónomas e ás entidades locais.
- b) Ao Goberno.
- c) Ao Goberno, sen prexuízo das competencias atribuídas ás comunidades autónomas.
- d) Ás comunidades autónomas.

99. De acordo co artigo 55 do Real decreto legislativo 1/2013, do 29 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei xeral de dereitos das persoas con discapacidade e da súa inclusión social, o Consello Nacional da Discapacidade:

- a) É o órgano colexiado interadministrativo, de carácter consultivo, no que se institucionaliza a colaboración entre as comunidades autónomas e a Administración xeral do Estado.
- b) É o órgano colexiado interministerial, de carácter consultivo, no cal se institucionaliza a colaboración do movemento asociativo das persoas con discapacidade e as súas familias e a Administración xeral do Estado.
- c) É o órgano colexiado de coordinación das políticas públicas en materia de discapacidade no ámbito da Administración xeral do Estado e as comunidades autónomas.
- d) É o órgano colexiado interministerial, de carácter consultivo, no cal se institucionaliza a colaboración do movemento asociativo das persoas con discapacidade e as súas familias e a Administración xeral do Estado. A súa composición e funcións estableceranse por lei.

100. De acordo co artigo 56 do Real decreto legislativo 1/2013, do 29 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei xeral de dereitos das persoas con discapacidade e da súa inclusión social, colaborarán coa Oficina de Atención á Discapacidade:

- a) As organizacións, entidades e asociacións de utilidade pública máis representativas das persoas con discapacidade e as súas familias.
- b) As comunidades autónomas e as entidades locais.
- c) As entidades locais e as organizacións, entidades e asociacións de utilidade pública máis representativas das persoas con discapacidade.
- d) O sector público.

101. De acordo co artigo 58 do Real decreto legislativo 1/2013, do 29 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei xeral de dereitos das persoas con discapacidade e da súa inclusión social, o financiamento das distintas prestacións, subsidios, atencións e servizos contidos nesta lei efectuarase con cargo a:

- a) Os orzamentos xerais do Estado.
- b) Os orzamentos xerais do Estado, e aos das comunidades autónomas e entidades locais, de acordo coas competencias que lles correspondan respectivamente.
- c) Os orzamentos xerais do Estado, e aos das comunidades autónomas, de acordo coas competencias que lles correspondan respectivamente.
- d) Ningunha é correcta.

102. De conformidade co establecido no artigo 8 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, sobre as obrigas específicas de información sobre as relacións coa cidadanía, facilitarase información sobre:

- a) A relación de procedementos administrativos á disposición da cidadanía, os requisitos e condicións de acceso aos servizos públicos e as instrucións de servizos aprobadas.
- b) A relación de procedementos e servizos á disposición da cidadanía e os requisitos e condicións de acceso aos servizos públicos.
- c) A relación de procedementos e servizos á disposición da cidadanía.
- d) A relación de procedementos e servizos á disposición da cidadanía, os requisitos e condicións de acceso aos servizos públicos e as cartas de servizos aprobadas.

103. De conformidade co establecido no artigo 9 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, sobre as obrigacións específicas de información de relevancia xurídica, facilitarase información sobre:

- a) A relación da normativa vixente na súa versión consolidada, a xurisprudencia que afecte as normas ou os actos ditados pola Administración pública competente e a relación de anteproxectos de lei e de disposicións administrativas de carácter xeral que estean en tramitación.
- b) A relación da normativa vixente na súa versión consolidada, a xurisprudencia que afecte a vixencia ou a interpretación das normas ditadas pola Administración pública competente e a relación de anteproxectos de lei que estean en tramitación.
- c) A relación da normativa vixente na súa versión consolidada, a xurisprudencia que afecte a vixencia ou a interpretación das normas ditadas pola Administración pública competente e a relación de anteproxectos de lei e de disposicións administrativas de carácter xeral que estean en tramitación.
- d) A relación da normativa vixente na súa versión consolidada, a xurisprudencia que afecte a vixencia ou a interpretación das normas ditadas pola Administración pública competente e a relación de

anteproxectos de lei e de disposicións administrativas de carácter xeral que estean en aprobada ou en tramitación.

104. De conformidade co artigo 11.1 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, non forma parte das obrigas específicas de información económica, orzamentaria e estatística, a seguinte:

- a) O período medio de pagamento a provedores.
- b) As contías globais das indemnizacións por razón de servizo que resulten de aplicación ao persoal empregado público.
- c) A situación de déficit/superávit sobre produto interior bruto e por habitante.
- d) O teito de gasto non financeiro aprobado para cada exercicio.

105. De conformidade co establecido no artigo 15.2 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, sobre as obrigas específicas de información dos convenios, facilitarase información sobre:

- a) A relación dos convenios subscritos de cada cuadrimestre, que se remitirá por cada consellería para a súa publicación no Diario Oficial de Galicia, dentro do primeiros vinte días dos meses de xaneiro, maio e setembro de cada ano.
- b) A relación dos convenios subscritos de cada semestre, que se remitirá por cada consellería para a súa publicación no Diario Oficial de Galicia.
- c) A relación dos convenios subscritos de cada semestre, que se remitirá por cada consellería para a súa publicación no Diario Oficial de Galicia, dentro do primeiros quince días dos meses de xaneiro e setembro de cada ano.
- d) A relación dos convenios subscritos de cada trimestre, que se remitirá por cada consellería para a súa publicación no Diario Oficial de Galicia, dentro do primeiros vinte días dos meses de xaneiro, maio e setembro de cada ano.

106. De conformidade co establecido no artigo 16 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, en relación coas obrigas de información sobre as encomendas de xestión e encargos a medios propios:

- a) Ademais da información que se debe facer pública segundo a normativa básica en materia de transparencia, tamén indicarán semestralmente a porcentaxe de actividade realizada polo medio propio a favor dos entes de control.
- b) Ademais da información que se debe facer pública segundo a normativa básica en materia de transparencia, tamén indicarán trimestralmente a porcentaxe de actividade realizada polo medio propio a favor dos entes de control.
- c) Ademais da información que se debe facer pública segundo a normativa básica en materia de transparencia, tamén indicarán mensualmente a porcentaxe de actividade realizada polo medio propio a favor dos entes de control.
- d) Ademais da información que se debe facer pública segundo a normativa básica en materia de transparencia, tamén indicarán anualmente a porcentaxe de actividade realizada polo medio propio a favor de entes de control.

107. De conformidade co establecido no artigo 17 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, poderán excluírse de publicación, no ámbito da información específica sobre subvencións algúns extremos, entre os que non está:

- a) Aqueles supostos en que a publicación de datos da persoa beneficiaria, en razón do obxecto da axuda, sexa contraria ao respecto e á salvagarda da honra e intimidade persoal e familiar das persoas físicas, en virtude do establecido na Lei orgánica 1/1982, do 5 de maio, de protección civil do dereito á honra, á intimidade persoal e familiar e á propia imaxe.

- b) As achegas en diñeiro realizadas pola Comunidade Autónoma a favor das entidades locais, sempre que non estean destinadas a financiar globalmente a actividade de cada ente.
- c) Aqueles datos que estean protexidos polo segredo comercial ou industrial, logo de informe debidamente motivado.
- d) Con carácter xeral, aqueles supostos ou aqueles datos en que así o exixan ou aconsellen razóns prevalentes pola existencia dun interese público máis digno de protección que, en todo caso, deberá ser motivado expresamente.

108. De conformidade co establecido no artigo 18 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, os instrumentos de ordenación do territorio e os plans urbanísticos, así como as súas correspondentes modificacións e revisións serán obxecto de publicidade, difundindo, como mínimo, a seguinte información:

- a) A ordenación prevista para o solo, co grao de detalle.
- b) Todas as resolucións e informes que no exercicio das súas potestades e competencias emitan a Xunta de Galicia e os órganos que, no seu caso, exercen competencias sobre urbanismo.
- c) As dúas anteriores son correctas.
- d) Ningunha é correcta.

109. De conformidade co establecido no artigo 2.5 da Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, os tratamentos derivados da xestión da oficina fiscal:

- a) Rexeranse polo disposto na súa lexislación específica e supletoriamente polo establecido na presente lei orgánica.
- b) Rexeranse polo disposto no Regulamento (UE) 2016/679 e pola presente lei orgánica.

- c) Rexeranse polo disposto no Regulamento (UE) 2016/679 e pola presente lei orgánica, sen prexuízo das disposicións da Lei 50/1981, de 30 de decembro, reguladora do Estatuto Orgánico do Ministerio Fiscal, a Lei orgánica 6/1985, de 1 xullo, do poder xudicial e das normas procesais que lle sexan aplicables.
- d) Rexeranse polo disposto no Regulamento (UE) 2016/679 e pola presente lei orgánica, sen prexuízo das disposicións da Lei 50/1981, de 30 de decembro, reguladora do Estatuto Orgánico do Ministerio Fiscal, e das normas procesais que lle sexan aplicables.

110. De conformidade co establecido no artigo 1 da Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, esta lei ten por obxecto:

- a) O dereito fundamental das persoas físicas á protección de datos persoais, amparado polo artigo 18.4 da Constitución española.
- b) O dereito fundamental das persoas físicas á protección de datos persoais, amparado polo artigo 29 da Constitución española.
- c) O dereito fundamental das persoas físicas á protección de datos persoais, amparado polo artigo 8.4 da Constitución española.
- d) O dereito fundamental das persoas físicas á protección de datos persoais, amparado polo artigo 18.2 da Constitución española.

111. De conformidade co establecido no artigo 4.1 da Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, sobre a exactitude dos datos:

- a) Os datos serán exactos.
- b) Os datos serán necesarios, exactos e , se for necesario, actualizados.
- c) Os datos serán exactos e, se for necesario, actualizados.
- d) Os datos serán exactos e, en calquera caso, actualizados.

112. De conformidade co establecido no artigo 5.3 da Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, sobre o deber de confidencialidade:

- a) A confidencialidade e o segredo profesional dos responsables e encargados do tratamento de datos non se manterán ao finalizar a relación do obrigado co responsable ou encargado do tratamento.
- b) A confidencialidade e o segredo profesional dos responsables e encargados do tratamento de datos manteranse aínda cando finalizase a relación do obrigado co responsable ou encargado do tratamento.
- c) O segredo profesional dos encargados do tratamento de datos manteranse aínda cando finalizase a relación do obrigado co responsable ou encargado do tratamento.
- d) A confidencialidade e o segredo profesional dos responsables e encargados do tratamento de datos manterase aínda cando finalizase a relación do obrigado co responsable ou encargado do tratamento sempre que exista consentimento expreso por parte do interesado.

113. Segundo o disposto no artigo 4 do Decreto legislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade, as medidas especiais encamiñadas a acelerar a igualdade de oportunidades entre mulleres e homes:

- a) Non están previstas na lei.
- b) Consideraranse discriminatorias.
- c) Son medidas de acción positiva.
- d) Deben supoñer o mantemento de regulacións separadas.

114. Segundo o disposto no artigo 4 do Decreto legislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade, as medidas

especiais encamiñadas a acelerar a igualdade de oportunidades entre mulleres e homes:

- a) Manteranse indefinidamente.
- b) Manteranse durante o prazo que se prevea regulamentariamente.
- c) Manteranse mentres non estean plenamente logrados os obxectivos de igualdade de oportunidades.
- d) Manteranse durante un prazo mínimo de 5 anos desde a entrada en vigor da presente lei.

115. Segundo o disposto no artigo 5 do Decreto legislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade, a integración da dimensión da igualdade de oportunidades na elaboración, execución e seguimento de todas as políticas e de todas as accións desenvolvidas no exercicio das competencias asumidas pola Xunta de Galicia lévase a cabo en función do:

- a) Principio de transversalidade.
- b) Principio de coordinación.
- c) Principio de igualdade.
- d) Principio de consecución da igualdade de trato.

116. Segundo o disposto no artigo 5 do Decreto legislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade, en aplicación do principio de integración da dimensión da igualdade de oportunidades en todas as políticas da súa competencia, a Xunta de Galicia establece, entre outros, o seguinte criterio xeral de actuación:

- a) O fomento dunha participación desequilibrada das mulleres e homes na toma de decisións.

- b) A conciliación do emprego e da vida familiar das mulleres e homes e o fomento da individualización dos dereitos tendentes a esa conciliación.
- c) A consecución da igualdade de oportunidades das mulleres e homes na política económica, laboral e social, salvo no suposto das diferenzas salariais por razón de sexo.
- d) A aplicación de medidas que garantan os dereitos das mulleres polo Ministerio de Igualdade.

117. Segundo o establecido no artigo 5.1 da Lei 31/1995, do 8 de novembro, de prevención de riscos laborais, os obxectivos da política en materia de prevención son:

- a) A promoción da mellora das condicións de traballo para diminuír os accidentes no traballo e mellorar a saúde dos traballadores.
- b) Lograr un nivel máximo de protección dos traballadores, sempre e cando, se poidan mellorar as condicións de traballo dos mesmos.
- c) A promoción da mellora das condicións de traballo dirixida a elevar o nivel de protección da seguridade e a saúde dos traballadores no traballo.
- d) A promoción da mellora das condicións de traballo, elevar a protección e as medidas de seguridade no traballo e conseguir unha mellora da saúde dos traballadores.

118. Segundo o establecido no artigo 6.1 da Lei 31/1995, do 8 de novembro, de prevención de riscos laborais, o Goberno regulará, entre outras cuestións os requisitos mínimos que deben reunir as condicións de traballo para a protección da seguridade e a saúde dos traballadores:

- a) Mediante lei, e previa negociación coas organizacións sindicais e empresariais máis representativas.
- b) Mediante normas regulamentarias.
- c) A regulación será competencia das Comunidades Autónomas a través dos órganos con competencias na materia.

d) Ningunha é correcta.

119. Segundo o establecido no artigo 6.2 da Lei 31/1995, do 8 de novembro, de prevención de riscos laborais, as normas regulamentarias en materia de prevención de riscos laborais respectarán:

- a) A debida coordinación coa normativa sanitaria e de seguridade industrial e serán obxecto de avaliación e, de ser o caso, de revisión periódica.
- b) A debida coordinación coa normativa laboral e de seguridade persoal e a revisión periódica.
- c) A debida coordinación coa normativa laboral e de seguridade industrial.
- d) A debida coordinación coa normativa sanitaria e serán obxecto de avaliación e, de ser o caso, de revisión periódica.

120. Segundo o establecido no artigo 8.1 da Lei 31/1995, do 8 de novembro, de prevención de riscos laborais, cal é o órgano científico técnico especializado da Administración Xeral do Estado que ten como misión a análise e estudo das condicións de seguridade e saúde no traballo, así como a promoción e apoio á mellora das mesmas:

- a) Instituto Nacional de Seguridade e Hixiene no Traballo.
- b) Inspección de Traballo e Seguridade Social.
- c) Comisión Nacional de Seguridade e Saúde no Traballo.
- d) Comité de Seguridade e Saúde.

PREGUNTAS DE RESERVA

121. O artigo 35 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas establece que serán motivados, con sucinta referencia de feitos e fundamentos de dereito (sinale a opción incorrecta):

- a) Os actos que se diten de conformidade co ditame de órganos consultivos.
- b) Os actos que acorden o desestamento pola Administración en procedementos iniciados de oficio.
- c) Os acordos de realización de actuacións complementarias.
- d) Os actos que se diten no exercicio de potestades discretionais.

122. En base ao artigo 44 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, para que produzan efectos, os regulamentos autonómicos deberán:

- a) Publicarse integramente no Diario Oficial de Galicia e no Boletín Oficial do Estado, atendendo á materia de que se trate, e entrarán en vigor aos vinte días naturais da súa publicación.
- b) Publicarse integramente no Diario Oficial de Galicia, e entrarán en vigor aos vinte días naturais da súa publicación, salvo que se xustifique adecuadamente a urxencia, nese caso entrará en vigor aos sete días da súa publicación.
- c) Publicarse integramente no Diario Oficial de Galicia, e entrarán en vigor aos vinte días naturais da súa publicación, agás que neles se dispoña outra cousa.
- d) Publicarse integramente no Diario Oficial de Galicia, e entrarán en vigor o mesmo día da súa publicación, agás que neles se dispoña outra cousa.

123. En base ao artigo 10 da Lei 53/1984, do 26 de decembro, de incompatibilidades do persoal ao servizo das administracións públicas, a falta de opción no prazo legal establecido, quen acceda a un novo posto do sector público que resulte incompatible co que viñese desempeñando:

- a) Entenderase que opta polo posto que viñese desempeñando, e pasará á situación de excedencia voluntaria no novo posto.

- b) Entenderase que optan polo posto que viñese desempeñando, e pasará á situación de excedencia forzosa no novo posto.
- c) Entenderase que opta polo novo posto, e pasará á situación de excedencia voluntaria nos que viñese desempeñando.
- d) Entenderase que opta polo novo posto e pasará á situación de excedencia forzosa no que viñese desempeñando.

124. Segundo o disposto no artigo 64 do Decreto legislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade, no ámbito das garantías da erradicación do acoso moral establece que as denuncias non suporán, nin a quen as denuncia, nin a quen testifique, efectos prexudiciais:

- a) En ningún caso.
- b) Salvo se se evidenciase unha mala fe na denuncia ou testemuño.
- c) Salvo se a denuncia é constitutiva de delito de denuncia falsa.
- d) Todas as anteriores son falsas.

125. Segundo o establecido no artigo 30.5 da Lei 31/1995, do 8 de novembro, de prevención de riscos laborais, o empresario poderá asumir persoalmente as funcións sobre o deber de prevención de riscos profesionais:

- a) Cando ocupe ata 10 traballadores, a condición de que a empresa dispoña dun único centro de traballo.
- b) Cando ocupe ata 50 traballadores, a condición de que a empresa dispoña dun único centro de traballo.
- c) Cando ocupe ata 25 traballadores, a condición de que a empresa dispoña dun único centro de traballo.
- d) Cando ocupe ata 20 traballadores, a condición de que a empresa dispoña dun único centro de traballo.